

Cruzamentos de vidas

O retorno dun clásico de noso



DORINDA CASTRO SOLIÑO

Camilo Gonsar –pseudónimo de Camilo González Suárez Llanos- (Sarria, 1931), é un escritor de referencia na narrativa galega de posguerra. Dérase a coñecer literariamente no ano 1961 coa colección de contos *Lonxe de nós e dentro*. En 1962 publicou a súa novela *Como calquera outro día*, obra incluída nos manuais e historias da literatura entre as pertencentes á “Nova Narrativa Galega”, movemento que abrangue desde 1954 até aproximadamente 1970, un período de profundas transformacións sociais e ideolóxicas nos que a literatura se enriquece con elementos que non formaban parte do seu mundo: a filosofía, música, ciencias, avances tecnolóxicos e nos que os autores aportan novas técnicas narrativas e importantes innovacións temáticas.

Agora, a editorial Galaxia vén de apostar pola reedición, corrixida e revisada polo autor, de *Como calquera outro día*: aquela novela que incorporara á narrativa galega as peripecias do vivir cotián dos traballadores e estudantes galegos en Europa. A través do protagonista, Anselmo, coñecemos en presente as andanzas dunha serie de personaxes durante un día en Madrid nos primeiros meses de 1959 e en “contrapunto” ou en relatos “adxacentes”, a súa vida de emigrados en Londres no pasado. Como indica o mesmo autor no limiar, no libro quixo “reflexar unha actitude vital, un certo espírito dalgúns membros dunha –daquela-xove xeración”. Mediante os seus encontros vaise tecendo a novela e o vivir cun trasfondo de aconteceres políticos e preguntas sobre a existencia, de imposible resolución.

Como xa se ten dito en tratados sobre a “Nova Narrativa”- Camino Noia, Manuel Forcadela...-, a obra, que pertencente á fase de formación deste movemento, presenta referencias autobiográficas do autor e da súa xeración. Estaríamos no que se denomina unha novela de iniciación na que se relata o ambiente xuvenil e de estudantes, as conversas sobre filosofía, pintura, literatura..., os actividades cotiás, os afáns, as inquedanzas intelectuais deses mozos nun ambien-



te urbano e cosmopolita retratado mesmo con diálogos en diversos idiomas, mentres os días se suceden, paulatinos, uns tras outros.

Unha novela deste xeito que, malia o tempo, nos segue a parecer de lectura amena e actual e nos trae á memoria a autobiografía dunha xeración clave de intelectuais que marcaron e renovaron a literatura galega e a visión do país a través do seu pensamento político, filosófico, as súas actividades culturais e o seu coñecemento de outras literaturas e artes universais.

GONSAR, Camilo, *Como calquera outro día*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 230 páxinas